

## PRINCIPAIS DÚBIDAS COA NOVA PREDICIÓN DE CONCELLOS

Desde a nosa publicación da nova páxina de predición por concellos moitos usuarios teñen algunhas dúbidas e nalgúns casos non poden ver toda a información dispoñible.

A continuación, comentámoslle algúns deles.

### 1. A páxina da predición de concellos (menú Predición - submenú Concellos) aparece unha mensaxe de que a información non está dispoñible.

Isto é debido a que o seu navegador web almacena información na caché.

Para visualizar correctamente a páxina, pulse a tecla “Control” e simultaneamente a tecla “F5”, isto debería ser suficiente para ver a páxina. Se non é así, pode borrar a caché da seguinte forma:

- Se o seu navegador é o Firefox, desde a opción de "Ferramentas"- "Limpar datos privados".
- Se é Internet Explorer, desde a opción "Ferramentas"- "Opcións de Internet", solapa "Xeral", opción "Eliminar historial de exploración" (Neste caso, posiblemente tamén sería necesario reiniciar o navegador unha vez borrada a caché).
- Se é Chrome, desde a opción “Ferramentas” - “Eliminar datos de navegación...”, seleccionar “Baleirar caché” e “Eliminar cookies e outros datos de sitios e de complementos”.

### 2. Non atopa a información de medio prazo.

A información de medio prazo atópase na páxina de concellos (**menú Predición - submenú Concellos**) xa que é unha información específica para cada concello e non coma antes que era unha información de medio prazo para toda Galicia.

### 3. Significado dos novos iconos da predición xeral para Galicia e por concellos.

A lenda podes consultala na ligazón “Lenda”, tanto na predición para Galicia como na predición por concellos. A modo de resumo:

